



GUÍA DOCENTE DE **SEGUNDO INSTRUMENTO I-IV (PERCUSIÓN)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN							
DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I-IV (PERCUSIÓN)							
ESPECIALIDADE	Composición Pedagogía				ITINERARIO	---	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE	Xeral e da linguaxe musical	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VI I
ECTS/CUAD.	3	3	3	3			
						Horas de clase semanais:	1h.
						Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC1, EC9, EP2, EP3, EP5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRUCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a optimización de esforzo e tempo.	T 1, T 3, T 6, T 13, T 15; X 6, X 8, X 13, X 21, X 24; EP2, EP3
2. Dominio das capacidades artística, musical e técnica, que permitan abordar a interpretación dun repertorio adecuado nos instrumentos principais da familia da percusión.	T 1, T 6, T 13, T 15; X 1, X 3, X 6, X 8, X 11, X 13, X 24; EC9, EP2, EP3, EP5
3. Desenvolver a consciencia física e mental necesarias para unha interpretación de calidade, en aspectos como a relaxación, respiración, concentración e movemento.	T 6, T13, T15; X 1, X3, X11, X13; EP2, EP3, EP5
4. Comprender e demostrar a comprensión mediante a interpretación de distintos estilos musicais ao longo da historia, desenvolvendo e aportando ideas propias con criterio e coherencia.	T 1, T 3, T 6, T13, T15; X 1, X 3, X 6, X 13, X 21, X 24; EC1, EC9, EP3, EP5



5. Desenvolver a esixencia de calidade sonora e adecuación tímbrica necesaria para cada obra.	T 1, T3, T 6, T13, T15; X 3, X8, X24; EC1, EC9, EP2, EP3, EP5
6. Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa cun repertorio de obras de dificultade adecuada a este nivel e tendo en conta os aspectos de arte escénica que debe ter un concerto.	T 1, T3, T15; X 1, X 3, X 6, X8, X 11, X13, X 21, X24; EC9, EP2, EP3, EP5

4. CONTIDOS

Produción do son

1. Timbre ou combinación de timbres máis axeitados para cada instrumento, en relación coa obra.
2. Baquetación
3. Articulación
4. Elección de baquetas, varíñas e diferentes utensilios para a produción do son axeitado a cada situación musical.
5. Relación entre a técnica e produción dun son axeitado.

Estudo do repertorio.

1. Análise das obras.
2. Aplicación da técnica, fraseo, matices.
3. Audicións comparadas.

Audición pública:

1. Preparación, organización e desenvolvemento.

Técnicas de estudo: exercicios e pasos a desenvolver para a interpretación das obras.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Audicións	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Titorías	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres.